




Como entender a estela dun guerreiro


O ACHADO DE CASTRELO DE VAL

a distribución



As coñecidas como "estelas do Suroeste" concéntranse nas actuais Andalucía occidental, Alentejo e Estremadura española e portuguesa. O seu rasgo común é a panoplia: sempre presentan un escudo, unha lanza e unha espada. A de Pedra Alta (Castro de Val) é a estela situada máis ao norte da Península con esta tipoloxía, pero o universo simbólico que representa chega desde ao Mediterráneo ata o mundo atlántico.

un monumento para ser visto



A estela de Castro de Val localizouse en 2010 no lugar coñecido como Pedra Alta polo propietario da finca, José Luis Lozano Rúa, quen contactou cun experto local, Bruno Rúa Martínez, para avaliar o achado e, á súa vez, este comunicoullo aos arqueólogos Alberte Reboreda e Eduardo Breogán Nieto. O topónimo Pedra Alta pode facer referencia á súa posición orixinal, elevada, destacada e como símbolo de poder. Os investigadores pensan que a súa cronoloxía está entre o 1200 e o 1000 a.C.

Créditos:

Manuel Gago para culturagalega.org. Contidos: entrevista con Alberte Reboreda. Distribución: Marta Díaz-Guadamino. Calco: Antonio de la Peña co apoio de Alberte Reboreda e Eduardo Breogán Nieto.

interpretando a estela de Pedra Alta

escotaduras

Marcas toscas na pedra que tentan reproducir a forma humana do guerreiro. Hai 4 e están marcadas por un círculo vermello no gráfico.

elemento descoñecido

Os investigadores aventuran a hipótese de que poida ser unha lira, un casco ou uns cornos que se poden interpretar como elementos de prestixio.

lanza

Unha das pezas clásicas do enxoval do guerreiro da Idade do Bronce é a lanza.

comparando carros

A perspectiva do artista sobre o carro é cenital, pero as rodas están representadas frontalmente. Cando comparamos diferentes estelas é cando comprendemos que se trata dun esquema común.

As estelas da Idade do Bronce son representacións da panoplia, é dicir, do equipamento ideal dun guerreiro.

espada e cinto

A espada envaiñada é o punto central da estela. Está sustentada nunha correa. Hai paralelos idénticos nalgúns estelas do Alentejo portugués.

escudo con asideira e escotadura en V

É moi importante, porque é o primeiro que aparece en Galicia. Ten unha asideira central e un característico borde en V por un dos lados.





Pedra Alta

Brozas

Solana de Cabañas

o carro


É un dos elementos máis difíciles de interpretar. É o primeiro carro de guerra representado en Galicia.



Pedra Alta



Solana de Cabañas



Ategua



Orellana de la Sierra